

## **Francisco Rodríguez, ensaísta: "O grao de autonomía e o peso político do reino son incuestionábeis até finais do século XIV"**

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), coa colaboración da Fundación Galiza Sempre, publica o segundo volume do libro 'Unha etapa estelar e conflictiva de Galiza (a segunda metade do século XIV). Tomo II'. Un reino con clase dirixente da autoría do ensaísta e historiador Francisco Rodríguez. Abordamos nesta entrevista algunhas cuestións fulcrais analizadas no volume que ten a súa primeira presentación hoxe en Compostela.

Xoán Costa

13 de setembro de 2022

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/francisco-rodriguez-sanchez-ensaista/20220912222411152226.html>

### **—Como caracterizaría a situación da Galiza na segunda metade do século XIV?**

Aclararemos que, desde 1230, o reino da Galiza estivo integrado, dunha forma inestábel e conflictiva, nunha monarquía con base plurinacional de cerne castelán e mesmo castelanista. Porén, esta integración non significou subordinación absoluta nen unha dependencia consumada. O grao de autonomía e o peso político do reino son incuestionábeis até finais do século XIV, con dinámicas específicas e relación coa Coroa propia de quen actúa con independencia de criterio. Non é de estrañar, pois, que houbera desde intentos de recuperar unha monarquía propia, producíndose así unha conflictividade dura, con confrontación bélica nos anos finais do século XIII e comezos do XIV, até outra máis soterrada e continua, en procura dun acomodo máis favorábel. Naturalmente, isto é así por existir unha clase dirixente propia e unha realidade económica, social, política, relixiosa e institucional con grande dinamismo, específica, que non desapareceu coa integración.

### **—Que caracterizaba esa clase dirixente, en concreto de Fernando de Castro e o seu papel?**

Fernando, ou Fernán, é un home carismático e con grande capacidade de aglutinar. Representa o líder indiscutíbel da Galiza nun contexto moi conflictivo e decisivo, que considero tamén estelar e responde á conduta e moral da saga familiar á que pertence, unha liñaxe que se considera, a falta de monarquía propia, no deber de representar o reino. Esta tendencia, que é notoria nos seus antergos, faise nel un deber inescusábel nesta situación conflictiva. Ademais, representa a asunción dun pacto social entre a nobreza e a burguesía que lle dá ao movemento que el encabeza unha dimensión nacional.

**—E con el, a Galiza é o epicentro do petrismo.**

No conflito interno á monarquía plurinacional, o reino da Galiza sitúase como apoio fundamental ao rei Pedro I e como oposición frontal aos falsos Trastámara. Baixo o liderado de Fernando, a Galiza ficará fóra do dominio trastamarista, unha vez instaurada a monarquía bastarda no resto dos reinos da monarquía plurinacional. Serán os castristas galegos os que designan Fernando I de Portugal rei da Galiza. Portugal, tradicional aliado de Pedro I e con forte influencia dos Castro, e a Galiza serán invadidos por un exército multinacional con mercenarios de toda procedencia e o apoio do Papa. A batalla de Porto de Bois, perto de Pambre, obrigou os castristas a se protexeren en Portugal e logo ao exilio forzado a Aquitania e Inglaterra, onde moitos, entre eles Fernando, morreron.

**—Como foi a relación con Portugal e cal foi a estratexia seguida?**

A clase dirixente galega, en canto que galego-portuguesa, non viu a división feudal da Galiza histórica como un problema. A posición dos Froilaz ou Trastámara a este respecto e as súas relacións con Tareixa de Portugal e máis tarde mesmo con Afonso Henríquez é clara. Sempre pensaron que se podía restaurar esa unidade, pois a división, a efectos reais, era imperceptíbel. A primacía das clases dirixentes de mentalidade e patrimonio galego-portugués dominaban nunha e noutra parte.

**—E non hai fronteiras?**

O concepto de fronteira era inexistente e as relacións vasaláticas favorecían a acomodación. Malia acabar consolidándose un reino de Portugal independente, o certo é que, até finais do XIV, unha parte da clase dirixente deste reino era aínda galego-portuguesa, a osmose entre Portugal e Galiza era consciente e a unidade cultural e lingüística total. Se na Galiza a Coroa de Castela influía a través de mecanismos institucionais propios e de inxerencia nos conflitos internos, no reino de Portugal facíao a través de estratexias matrimoniais e pactos. Neste aspecto, a clase dirixente galega tivo sempre unha estratexia para a relación con Portugal, na medida en que unha boa parte operaba nos dous reinos.

**—Non di iso a historiografía española.**

O grave equívoco da historiografía española está en identificar a influencia galega na Corte de Lisboa cun partido castelán, e non galego-portugués. Os Manuel representaban a influencia castelá, como os Castro representaban a galego-portuguesa. Inés de Castro é asasinada polos favorábeis ao entendemento con Castela e podemos afirmar con rotundidade que detrás do seu asasinato estaban os falsos Trastámara e os partidarios de impedir que un monarca portugués puidese acabar sendo rei da monarquía plurinacional agrandada, onde o peso galego-portugués fose irreversible e hexemónico. Esta foi a dialéctica real: o casamento de Pedro de Portugal con Inés de Castro e a súa descendencia foi visto como un ataque á descendencia habida con Constanza Manuel e á influencia castelá na Corte de Lisboa.

**—Refírese no libro á Galiza no marco europeo do século XIV. Que trazos definen ese contexto?**

En Europa vanse configurando as realidades nacionais de forma clara. A chamada Guerra dos Cen Anos é a mostra inequívoca dunhas sociedades convulsas. Desta convulsión participou a Galiza. Os resultados das estratexias confrontadas na Península Ibérica non nos foron favorábeis. Porén, teñámolo presente, chegamos a finais do século XIV cunha conciencia nacional desenvolvida, madura, contando coa clase dirixente necesaria e cun deseño económico-social, cultural e lingüístico moi sólido. Só unha invasión multinacional desde fóra posibilitou o fracaso

dunha estratexia galego-portuguesa confrontada coa estratexia de hexemonía castelá, dentro do conflito europeo da Guerra dos Cen Anos.

**—Afirma no libro que o prestixio da lingua vai unido á clase dirixente.**

Dedico un capítulo do libro a esta cuestión. Sorprendeume e admiroume a conciencia lingüística expresada na documentación escrita conservada, ben abondosa e contundente ao respecto. Sen monarquía propia, o reino da Galiza mantivo un proceso de normalidade lingüística igual á de calquera outro reino independente, a pesar de a chancelaría real empregar só o castelán.

**—Podemos concluír que houbo especial coidado, por parte dos poderes internos, en manter un uso unilingüe.**

Tiñan claro que había que preservar un espazo de comunicación do reino na súa lingua e que o uso da lingua era manifestación clara do poder e definición do mesmo, como propios. A chegada do castelán por vía escrita impactaba só en públicos moi reducidos, non estaba ausente mesmo a súa tradución, e facíase asento notarial para certificar a súa autenticidade, en galego. A oralidade a nivel social, coloquial e culto, desenvolvíase en galego. Había a tendencia natural, mesmo fóra do reino, a usar o galego en espazos lingüísticos románicos, con outras linguas latinas, sen maior problema. A clase dirixente facíao con moita frecuencia mesmo perante os reis e para establecer contratos matrimoniais, cartas de arras. Fomos unha sociedade normal, neste aspecto. E custoulle moito ao poder hexemónico triunfante castelán mudar esta situación. A resistencia foi admirábel ao longo de máis dun século, todo o XV.